

## PROCEDIMIENTO DE APROBACIÓN DOS REGULAMENTOS POLO CLAUSTRO UNIVERSITARIO.

Primeiro. A Comisión encargada da elaboración do texto do regulamento presentará ante o Presidente da Mesa do Claustro o proxecto do mesmo.

Segundo. O proxecto remitirase a todos os claustrais e abrirase un prazo de 10 días para a presentación de propostas de mellora

As propostas, que deberán estar avaladas pola sinatura e DNI de polo menos 10 claustrais, poderán consistir na inclusión, modificación ou supresión, propoñendo nos dous primeiros casos un texto alternativo, debéndose acompañar da argumentación en que se fundamente.

As propostas remitiranse ao Presidente da Mesa do Claustro en formato electrónico antes das 14 horas do día en que remate o prazo previsto no parágrafo anterior.

Terceiro. A Comisión debaterá as propostas presentadas e, no seu caso, as someterá a votación. A proposta entenderase aprobada se obtén o voto da maioría dos membros da Comisión.

En caso contrario, entenderase rexeitada pero obterá o dereito de ser defendida no Pleno do Claustro, se consegue o apoio favorable dunha cuarta parte dos membros da Comisión presentes na sesión.

Cuarto. Elaborado o proxecto de regulamento pola Comisión, convocarase a todos os membros do Claustro para o seu debate e aprobación, se procede.

Xunto co texto aprobado pola Comisión tamén se remitirán aos Claustrais as propostas de mellora presentadas, tanto as aprobadas como as rexeitadas pola Comisión.

Quinto. A aprobación polo Claustro dos regulamentos requirirá o voto favorable da maioría dos claustrais presentes.

Disposición final. Este regulamento entrará en vigor o día seguinte da súa aprobación polo Claustro.

Dilixencia para facer constar que a presente normativa foi aprobada polo Claustro Universitario en sesión de data 09-12-2009  
Vigo, 10 de decembro de 2009  
A SECRETARÍA XERAL

Esther González Pillado

